



## **ACTA DA COMISIÓN DELEGADA DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS.**

### **Xuño 2014.**

No Diario Oficial de Galicia do 30 de abril de 2014, fíxose pública a Resolución do 23 de abril de 2014, da Secretaría Xeral da Emigración, na que se dispón a convocatoria e a orde do día da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas a celebrar en Santiago de Compostela os días 12 e 13 de xuño de 2014.

As 10:00 horas do día 12 de xuño de 2014, reúnese en sesión ordinaria a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas en Santiago de Compostela, na sede da Biblioteca América situada na Praza da Universidade de Santiago de Compostela.

Asisten as seguintes persoas:

- D. Antonio Rodríguez Miranda, secretario xeral da Emigración, como presidente da Comisión Delegada.
- D. Ramón Brigos Fernández, subdirector xeral da Emigración e das Comunidades Galegas, como secretario da Comisión Delegada.

### **VOGAIS EN REPRESENTACIÓN DAS COMUNIDADES GALEGAS:**

Da Area de España:

- D<sup>a</sup>. Pilar Rodríguez Villar, en representación da Agrupación Hijos de Galicia en Sestao.
- D. Ernesto Lagarón Vidal, en representación da Agrupación Cultural Saudade.
- D. José Ignacio Paz Bouza, en representación do Centro Galego de Salamanca.
- D. Raimundo Alfredo Otero García, en representación do Lar Galego de Sevilla.

Da Area de Europa:

- D. Nicolás Miño Suárez, en representación do Centro Galego de Londres.
- D<sup>a</sup>. Alejandra Plaza Rodríguez, en representación do Centro Cultural Galego de Frankfurt.
- D. Miguel Palomo López, en representación do centro Galego de Bruxelas.
- D. Álvaro Moreira Muíños, en representación de Xuventude de Galicia-Centro Galego de Lisboa.

Da Area de América:



Comisión Delegada  
do Consello de  
Comunidades Galegas

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Ángeles Rodríguez Sarmiento, en representación da Hermandad Gallega de Venezuela.
- D. Jorge Torres Cantalapiedra, en representación do Centro Galego de Montevideo.
- D. Ernesto Enrique Repiso Muriedas, en representación da Sociedade Cultural Rosalía de Castro de Cuba.
- D<sup>a</sup>. Beatriz Carballo Regueira, en representación do Partido Judicial de Órdenes en Buenos Aires.
- D. Cándido Lois García, en representación da Casa de Galicia en Montevideo.
- D<sup>a</sup>. Marta Donsión de Ferreiro, en representación do Centro Galego de Bos Aires.

Asisten á reunión da Comisión Delegada, por invitación do presidente, os seguintes membros da Secretaría Xeral da Emigración:

- D. Ildfonso de la Campa Montenegro, xefe de gabinete da Secretaría Xeral da Emigración.
- D. José Carlos García Bouzas, subdirector xeral de Xestión Económica, Administrativa e do Retorno.
- D. Antonio Casas Calviño, xefe do servizo de Programas Socio-Asistenciais.
- D. José Iglesias de la Fuente, xefe do servizo de Promoción das Comunidades Galegas.
- D<sup>a</sup>. Begoña Solís Domínguez, xefa do servizo de Planificación e Xestión de Programas.

Están presentes no acto de apertura da sesión da Comisión Delegada:

- D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela.
- D<sup>a</sup>. María Isabel Casal Reyes, Directora da Biblioteca América.

Sendo as 10:33 horas, o secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, toma a palabra para dar a benvinda a todos e manifesta o seu agradecemento á Universidade de Santiago de Compostela por acoller a Comisión Delegada neste lugar de tan fonda significación. Aproveita a ocasión para desexar ao reitor os mellores éxitos na súa xestión e felicitalo polo seu recente nomeamento.



Comisión Delegada  
do Consello de  
Comunidades Galegas

Seguidamente pásalle a palabra a Directora da Biblioteca América. D<sup>a</sup>. María Isabel Casal que da a benvida a os membros da comisión e fai un breve relato da historia e significado da Biblioteca América da Universidade de Santiago de Compostela, resaltando a vinculación deste espazo coa emigración galega a través do seu creador Gumersindo Busto Villanueva.

Posteriormente o presidente da Comisión Delegada dálle a palabra a D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, quen, en nome da Universidade de Santiago de Compostela da a benvida a os presentes. Manifesta a gran importancia e significación que lle da ao estar presente na apertura da sesión da Comisión Delegada do Consello Galego das Comunidades Galegas, xa que é o seu primeiro acto como novo Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

Traslada aos asistentes a vocación de internacionalidade da USC, especialmente na relación coas comunidades de Iberoamérica, e solicita aos delegados da comisión que fagan unha labor de representación da institución educativa nos seus países de residencia.

A continuación o presidente da Comisión Delegada despide a a D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela e D<sup>a</sup>. María Isabel Casal Reyes, Directora da Biblioteca América.

As 10:35 horas, o secretario da Comisión Delegada da lectura a Resolución da convocatoria e a orde do día.

### **1. Primeiro punto da orde do día: Constitución da Comisión Delegada.**

O presidente toma a palabra e agradece a asistencia aos representantes das comunidades galegas que conforman a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

Xustifica a necesidade de facer a presente convocatoria por ser norma o desenvolver unha reunión da comisión en sesión ordinaria ao ano, e os importantes asuntos a tratar.

Logo de comprobar que existe quórum suficiente, declara constituída a Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

Somete a consideración dos membros da comisión a aprobación da acta da sesión da Comisión Delegada celebrada en Santiago de Compostela o día 11 de novembro de 2013, toda vez que foi enviada a tódolos membros con anterioridade. Apróbase por unanimidade.



Solicita que se recolla en Acta o agradecemento á Universidade de Santiago de Compostela, así como ao Reitor da USC e a Directora da Biblioteca América a súa asistencia a esta inauguración e o desexo compartido dos membros da Comisión dos maiores éxitos na súa xestión á fronte da Universidade de Santiago de Compostela e da Biblioteca América.

A continuación relaciona os cambios producidos na Secretaría Xeral da Emigración dende a última reunión da Comisión Delegada e fai unha presentación das persoas que se incorporan ao equipo de xestión dela que están presentes nesta reunión:

- D. José Carlos García Bouzas, subdirector xeral de Xestión Económica, Administrativa e do Retorno. Quen substitúe no cargo a D. Manuel Díaz López, recentemente xubilado.
- D. Antonio Casas Calviño, xefe do servizo de Programas Socio-Asistenciais. En substitución de D. Argimiro Rios Iglesias, recentemente xubilado.
- D. José Iglesias de la Fuente, xefe do servizo de Promoción das Comunidades Galegas. Quen substitúe a D. Carlos Santiso Barros, quen pasou a ocupar outro cargo dentro da Xunta de Galicia.

## **2.- Segundo punto da orde do día: Balance de actuacións da Secretaría Xeral da Emigración no ano 2014.**

O secretario xeral da Emigración comeza por expoñer os diferentes programas de actuación desenvolto pola Secretaría Xeral da Emigración durante o presente exercicio. O desenvolvemento da súa intervención figura como ANEXO I da presente Acta.

Resalta as dúas grandes liñas de traballo do seu departamento, que son: O mantemento do sistema de axudas socio-sanitarias aos colectivos máis necesitados e a axuda ó traballo desenvolvido polas Comunidades Galegas.

Destaca o marcado carácter social do traballo na Área Socio-Asistencial, particularizando a atención aos maiores e especialmente aos colectivos que pasan máis dificultades pola situación que se está a producir nos países de América Latina. Fai un recoñecemento as Comunidades Galegas pola colaboración coa Secretaría Xeral para chegar a eles.

Pon de manifesto a súa preocupación por entender que non se está a chegar aos posibles destinatarios das iniciativas de axudas ao retorno que se promoven dende a Secretaría Xeral.



Resalta que a pesar da situación orzamentaria da Secretaría Xeral da Emigración se incrementaron as axudas as Comunidades Galegas en máis de 100.000€.

Anuncia a participación da “Mostra Galicia Pórtico Universal” na actividade de “Bos Aires Celebra Galicia”, que se desenvolverá no centro da capital de Arxentina no mes de setembro. Tamén agradece aos centros de Cataluña a axuda prestada no desenvolvemento desta actividade que se levou a cabo nesta Comunidade Autónoma.

Ao remate da súa intervención, D<sup>a</sup> Alejandra Plaza manifesta que o que está a acontecer no caso do retorno e que a xente non se plantea a volta xa que ten medo pola situación actual. O secretario xeral da Emigración replícalle que aínda que entende o que di, hai casos nos que a xente que retorna non ten coñecemento das axudas sociais ou para o emprendemento que lles brinda a Secretaría Xeral da Emigración e a Xunta de Galicia, polo que débese facer un esforzo en trasladar esta información.

**3.- Terceiro punto da orde do día. Informe en relación coas actuacións derivadas da entrada en vigor do Decreto polo que se regula o recoñecemento e a revogación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galeguidade, o Rexistro da Galeguidade e o seu funcionamento.**

Toma a palabra D. José Carlos García Bouzas, subdirector xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno que expón o informe en relación coas actuacións derivadas da entrada en vigor do mencionado Decreto 66/2014, publicado no Diario Oficial de Galicia o 11 de xuño de 2014.

Esta intervención aparece recollida no Anexo II de esta acta.

Unha vez rematada a intervención do subdirector xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno, ábrese un turno de intervencións entre os membros da Comisión Delegada.

Toma a palabra D<sup>a</sup>. Marta Donsión de Ferreiro, en representación do Centro Gallego de Bos Aires, para expor a súa inqueda pola cantidade de documentación que se lle vai pedir aos centros para o novo rexistro que se vai crear. Así mesmo, argumenta que vai ser imposible ao seu centro aportar toda esa documentación en prazo, por estar os seus órganos directivos desprazados da xestión do centro.



D<sup>a</sup>. Beatriz Carballo Regueira, en representación do Partido Judicial de Órdenes en Bos Aires, pregunta se toda a documentación a presentar debe ir acompañada do DNI dos socios e di que certa documentación pode ser sensible debido a normativa de protección de datos.

Respóndelle o subdirector xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno dicíndolle que sí debe vir acompañada do DNI ou documento equivalente, e que a Administración está obrigada a cumprir a lexislación vixente en materia de protección de datos, polo que da por asegurado a debida protección dos datos persoais.

Toma a palabra D. Enrique Repiso Muriedas, en representación da Sociedade Cultural Rosalía de Castro de Cuba, que argumenta - acerca da esixencia da vinculación con Galicia na representación de socios das entidades-, ¿que vai pasar coas persoas galegas de 2º grado?, porque por unha banda se quere que os xoves sexan directivos nos seus centros respectivos, cousa que se promove dende a Secretaría Xeral da Emigración, e o mesmo tempo parece que se lle está pechando a porta a tal posibilidade.

Respóndelle D. Ildefonso de la Campa que o anteproxecto recolle que a representación ostentarana os galegos ou os seus descendentes ata o 2º grao, ou os que teñan a condición de galegos segundo o Estatuto de Autonomía polo que no hai tales problemas en canto a representación.

D. Jorge Torres Cantalapiedra, en representación do Centro Galego de Montevideo, toma a palabra para preguntar qué se entende cando se fala de socio familiar. Así mesmo, pregunta en qué sociedade van figurar os socios que pertencen a varias entidades e que este aspecto pode supor problemas internos para os responsables das mesmas.

Respóndelle D. Ildefonso de la Campa que primeiro figurará na sociedade onde o socio decida e si non na que sexa socio máis antigo. Fai unha breve exposición do contido do Anteproxecto de Decreto no referente a estes aspectos.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Ángeles Rodríguez Sarmiento, en representación da Hermandad Gallega de Venezuela, expresa que na carta que se mandou dende a Secretaría Xeral da Emigración, en ningún momento se fala de enviar a documentación de cada individuo como tal. Manifesta que a Hermandad ten arredor de 8.000 socios, o que fai imposible escanear toda esa documentación para enviala á Secretaría Xeral da Emigración.



Comisión Delegada  
do Consello de  
Comunidades Galegas

Respóndelle D. Ildefonso de la Campa que a documentación debe enviarse nunha base de datos. Debe facerse un volteado de datos nun documento de Excel e enviar de forma telemática ese arquivo.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Ángeles Rodríguez Sarmiento pregunta si se entenden como socios titulares os 8.000 que pagan a cota ou débese contar tamén a os socios beneficiarios.

D. Ildefonso de la Campa contéstalle que deben contarse todos.

Toma a palabra D. Jorge Torres para indicar que si ben na normativa se busca a preservación do patrimonio histórico-cultural dos centros, algún deles expoñen que o que se pretende pode crear problemas co Estado uruguaio , polo que quedaría fora do ámbito da Galegidade.

Respóndelle D. Ildefonso de la Campa que existe unha salvidade no Decreto que contempla eses casos.

D. Cándido Lois García, en representación da Casa de Galicia en Montevideo, indica que no seu centro teñen 40.000 socios. Di que para facer o que se solicita deberían empregar un gran número de persoal do que carece a institución e plantea que vai supor un gran esforzo e traballo.

Di que a Lei da Galegidade debería redactarse despois de solucionar o problema do voto rogado para os emigrantes. D. Cándido pregunta ¿que se fai con aquel patrimonio dos centros que está prohibido vendelo ou traspasalo?.

O secretario xeral da Emigración respóndelle que, ao igual que o Presidente da Xunta de Galicia, comparte que o sistema de voto establecido non é o mais axeitado pero que este asunto non ten nada que ver coa Lei da Galegidade. Indica que é unha lei para a colectividade galega no exterior que trata a todas e todos por igual, que a Administración galega non pretende controlar a ninguén a través dela xa que é unha lei cunhas bases compartidas por unha inmensa maioría da colectividade galega. Así mesmo, apunta que a condición de galego establécea o Estatuto de Autonomía, non esta lei.

Tamén di que a documentación solicitada é unha simple cuestión de información xa que é preciso saber quen compón cada entidade e os seus perfís de idade, para poder mellorar as políticas destinadas a eses socios e colectivos. Para facer un bo traballo é preciso ter unha boa información, por iso é necesario saber quen forma parte de cada unha das entidades galegas. E no caso particular de Casa de Galicia é importante diferenciar as persoas que reciben atención médica e hospitalaria daquelas outras que participan das actividades propias da galegidade.



En canto a pregunta sobre o patrimonio, respóndelle que esa salvidade está prevista no texto da Lei da Galeguidade.

Toma a palabra D. Ernesto Lagarón Vidal, en representación da Agrupación Cultural Saudade, para manifestar que en Cataluña hai centros de diversas categorías, con cotas familiares e outros con cotas individuais. Pregunta se nas familias só se debe mandar nome e DNI e tamén se entrarían os netos.

Respóndelle o subdirector xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno dicíndolle que se debe enviar nome e DNI e que os netos tamén entran.

D<sup>a</sup>. Pilar Rodríguez Villar, en representación da Agrupación Hijos de Galicia en Sestao, di que ningunha das entidades de Guipúscoa cumpre as condicións para ser recoñecida como entidade galega ou centro colaborador, posto que son 150 os requiridos.

Existe preocupación porque por unha parte non chegan ao número de socios e por outra hai sentimentos encontrados nos membros máis xoves xa que se consideran máis vascos que galegos. A pesar disto e da súa pequena dimensión, as entidades galegas teñen un gran recoñecemento e prestixio.

D. Ildfonso de la Campa replicalle dicindo que ao mellor a solución é que eses centros se convertan nun centro de difusión da cultura galega que está previsto na lei da galeguidade. No País Vasco hai máis de 46.000 galegos nados en Galicia, sen contar os seus descendentes, polo que os centros poden e deben facer unha labor de captación entre a colectividade.

O Secretario Xeral da Emigración abunda que en toda Guipúscoa hai máis de 5.000 galegos, non se está a falar de cifras imposibles, xa que só se necesitan 100/150 persoas para ser centro colaborador. Tamén dí que a Administración vai colaborar con todos os centros, teñan a dimensión que teñan, pero é necesario unha diferenciación para saber como se funciona en cada lugar e en cada país, para así poder adaptarse mellor ao que necesitan en cada lugar e territorio. E aínda que é relevante ser comunidade galega pola simboloxía que ten isto non é o máis importante, o concepto variou na lei. O recoñecemento adáptase a cada entidade, a galeguidade abarca a todos.

Toma a palabra D. Raimundo Alfredo Otero García, en representación do Lar Galego de Sevilla. Di que para ter sentido de pertenza a galeguidade non é necesario que se teña a través dun centro, senón que se pode ter a título individual.





Tamén di que en Andalucía, a maioría dos centros, non van poder presentar toda a documentación requirida polo número de socios e pregunta ¿Que vai pasar con quen non poida aportar o número requirido?

O secretario xeral da Emigración respóndelle que todos teñen o recoñecemento da galegidade adaptada a cada tipo de entidade e que ningún centro vai estar fóra da galegidade.

Toma a palabra D. José Ignacio Paz Bouza, en representación do Centro Galego de Salamanca, para solicitar que se mande os centros pequenos toda esta información que se explica aquí, xa que é moi importante que esta comunicación chegue dende a Secretaría Xeral da Emigración. Realmente hai moita preocupación no canto de perder a galegidade.

O secretario xeral da Emigración contéstalle que está de acordo e que se fará canto antes.

D. Ignacio Paz pide aclaración sobre o número de socios necesarios segundo a dimensión territorial: Municipios, Provincias... Así mesmo, tamén pregunta como se contabilizan os menores de idade no caso de unidades familiares. A unidade familiar e o matrimonio e os seus fillos menores de 18 anos, pero estes non poden ser socios, ¿Admítense os fillos menores de idade como socios?

D. Ildefonso de la Campa aclara que se contabilizan como socios pero solo a efectos desta Lei.

D. Ignacio Paz pide aclaración para o caso de esposos/as non galegos e preguntan se contan ou non.

D. Ildefonso de la Campa respóndelle que non contan, salvo que se adscriban a un concello galego.

Toma a palabra D<sup>a</sup>. Alejandra Plaza Rodríguez, en representación do Centro Cultural Galego de Frankfurt, para preguntar o significado de entidade sen ánimo de lucro xa que en Alemaña teñen que presentar declaración da renda.

D. Ildefonso de la Campa contéstalle que, ser unha entidade sen ánimo de lucro, significa, que os seus ingresos reverten nos socios e que se leva a cabo unha actividade sen ánimo de obter un beneficio económico.

D. Miguel Palomo López, en representación do centro Galego de Bruxelas, expón a problemática da diversidade da poboación de Bruxelas. Di que no seu centro moitos dos socios non son



galegos e que ata o de agora non tiveron reparo nesta condición, aínda que di comprender o fondo do que se pretende así como que a Administración galega queira saber cantos son os galegos, quere deixar ver que hai un certo sentimento de galego aínda que non o sexan. Tamén di que o que se debería ter en conta son as actividades que se fan en favor de Galicia.

D. Ildefonso de la Campa contesta que a Lei non repara nos sentimentos particulares de ninguén e que é un orgullo para nos que un belga se sinta galego aínda que non o sexa.

Toma a palabra D. Álvaro Moreira Muíños, presidente de Xuventude de Galicia, Centro Galego de Lisboa, para dicir que o seu centro cumpre todos os requisitos que establece a Lei e o futuro Decreto. Indica que nos seus estatutos dise que un galego casado cunha cidadá doutro país, como pode ser Portugal, se esta quedase viúva, quedaría como socia da entidade pero, ¿Contaría como galega a efectos da Lei?

O secretario xeral da Emigración indícalle que non. Como socia desa entidade si, pero como socia non galega. Entraría dentro da cota do 45% de socios non galegos.

D. Nicolás Miño Suárez, en representación do Centro Galego de Londres, dí que ve difícil o de presentar o DNI individualmente, porque no Reino Unido non se pide que o teñan, xa que a xente non ten por qué ir identificada dentro do país.

O secretario xeral da Emigración indícalle que serve o pasaporte, DNI (quen o teña) ou o número de Seguridade Social. Así está previsto na mesma norma na que se di: “DNI ou equivalente...”.

O secretario xeral da Emigración cerra a rolda de intervención e dá a palabra ao subdirector xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno que aclara un dos puntos expostos na súa intervención: A remisión telemática dos datos á Secretaría Xeral da Emigración. Puntualizando:

1º Todos os centros deben ter permanentemente actualizados os datos e comunicarllos á Secretaría Xeral da Emigración.

2º Enviarase a Secretaría Xeral da Emigración unha memoria anual.

Sendo as 14:30 horas, o Presidente da Comisión Delegada indica que se vai facer un receso na sesión.

Sendo as 16:00, reiníciase a sesión de traballo e abórdase o 4º punto da orde do día.



**4.- Cuarto punto da orde do día. Presentación do anteproxecto de decreto polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.**

Toma a palabra D. Ildfonso de la Campa quen fai unha presentación do Anteproxecto de Decreto, que figura como Anexo III a esta acta.

No texto e na intervención preséntase un modelo de como quedaría o peso da representación das distintas entidades e areas segundo o sistema de voto ponderado recollido no anteproxecto.

Así mesmo comunica aos presentes que se abrirá un prazo dun mes para que as Comunidades Galegas fagan as súas alegacións a este anteproxecto.

Finalizada a intervención de D. Ildfonso de la Campa, o presidente abre unha rolda de intervencións referente a este punto.

D<sup>a</sup>. Alejandra Plaza pregunta polo número de votos que lle corresponderían a Alemaña segundo o Anteproxecto presentado.

D. Ildfonso respóndelle que serían en torno a 5.

D<sup>a</sup>. Beatriz Carballo intervén para indicar que ao seu modo de ver a representación do voto debería valer o mesmo agora que no futuro.

D. Enrique Repiso pregunta se vai variar o número de votos por comunidade dun Consello a outro.

O secretario xeral da Emigración indícalle que posiblemente si, xa que farase unha baremación un mes antes de cada Consello e logo comunicárase a cada Comunidade Galega. Cada unha de estas terá sempre un número mínimo de votos e tamén un máximo que será de 7.

D<sup>a</sup>. Beatriz Carballo pregunta se a fórmula para calcular o voto de cada comunidade ven reflectida no Anteproxecto de Decreto.

O secretario xeral da Emigración contesta que si ven establecida. Abre a porta a que se alguén quere propor un novo sistema de votación o faga, posto que aínda se está a tempo de facelo. Así mesmo di que poñerá o Anteproxecto en coñecemento de todas as Comunidades Galegas e darase un prazo de un mes, contado a partires da notificación a cada Comunidade Galega, para que poidan formular as alegacións que consideren oportunas.



D. Ildefonso de la Campa remarca que este Anteproxecto enviarase o vindeiro luns a cada Comunidade Galega.

D. Ignacio Paz indica que é coñecido por todos que se declarou sempre en contra do voto ponderado neste tipo de votación, polo que pregunta que, se houbera moitas alegacións en contra do voto ponderado, ¿ Poderíase eliminar como sistema de votación?

O secretario xeral da Emigración indícalle que as Comunidades Galegas poderán alegar o que consideren nese prazo dun mes e que se estudarán detidamente.

D. Ignacio Paz e D. Nicolás Miño preguntan se o silencio considerarase como que se acepta o contido do Anteproxecto do Decreto.

O secretario xeral da Emigración indícalle que evidentemente si que se non se está de acordo deben expresarse as alegacións no prazo dun mes que con anterioridade se mencionou xa que é o canle establecido que se abre para, entre todos, mellorar o contido final desta norma.

D. Ignacio Paz di que il ten a representación sobre os socios do seu centro e pregunta se tamén a ten sobre a dos outros centros.

O secretario xeral da Emigración manifesta que os delegados da Comisión foron elixidos como representantes da súa área xeográfica. Así o establece a Lei da Galegüidade. Como membros da Comisión Delegada representan a todos os galegos das súas áreas xeográficas, que isto é, precisamente, no que se fundamenta o criterio do voto ponderado que se establece no Anteproxecto de Decreto. Trátase de reforzar o carácter representativo do Consello das Comunidades Galegas e da súa Comisión Delegada para que ninguén poida cuestionar estes órganos de representación.

D. Ignacio Paz fai varias apreciacións sobre a representación de distintas entidades e ámbitos que son respondidas por D. Ildefonso de la Campa .

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de los Ángeles pregunta si o peso da representación exposta no modelo para cada comunidade pode sufrir modificación.

O secretario xeral da Emigración indícalle que si, xa que débese esperar a que o Rexistro de Comunidades Galegas faga a súa labor, podendo haber países nos que haxa máis ou menos comunidades galegas, o que pode cambiar o número de votos que se está a expoñer agora. O presentado só é un exemplo para que se entenda, non é o definitivo.



Comisión Delegada  
do Consello de  
Comunidades Galegas

O secretario xeral da Emigración pide que conste en acta como importante a gran cuestión que se suscita a esta Comisión Delegada: Si se está ou non de acordo co novo sistema de votación que se está a propoñer, e no caso de que non se estea de acordo, se faga saber, agora ou no prazo dun mes antes mencionado.

D. Jorge Cantalapiedra indica que sempre lle pareceu que o voto ponderado é o mellor sistema que se pode establecer para acadar unha maior representación real das entidades na súa respectiva área xeográfica.

D. Álvaro Moreira manifesta unha dúbida respecto ao número de socios que cada centro di que ten polo que será necesario nun futuro facer un readaptar o baremo en función do que indique o Rexistro da Galeguidade a finais de ano.

O secretario xeral da Emigración indica que o baremo é este ou o que finalmente sexa proposto. O que non se poderá facer unha vez establecido, é modificalo segundo o interese de cada entidade.

Pídese que se faga unha corrección ao Anteproxecto, páxina 22, na que debe poñer “ata 600 socios – un voto” en lugar de “de 400 a 600 socios – un voto”.

D<sup>a</sup>. Beatriz Carballo quere que conste que, tal e como llo transmitiron os centros cos que se xuntou antes de vir a esta reunión, o voto ponderado non lles parece o máis axeitado aos centros de Bos Aires.

Non habendo máis temas que tratar neste día, e sendo as 19:00h, o Presidente da Comisión Delegada levanta a sesión ata o día seguinte.

Sendo as 10:00 h do venres día 13, o Presidente da Comisión Delegada da os bos días a todos os presentes. Incorporárase a sesión D. Anxo Manuel Lorenzo, secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia.

O presidente preséntao, agradece a súa participación nesta Comisión e dálle a palabra.

D. Anxo Manuel Lorenzo saúda aos presentes e tras explicar as súas funcións dentro da Consellería á que pertence, bríndase á galeguidade para colaborar no seu ámbito de responsabilidade e a recibir calquera tipo de suxestión que se lle poida facer.

Expresa o seu agradecemento pola invitación a participar nesta reunión da Comisión Delegada e manifesta que dende o primeiro momento que llo propuxeron non dubidou en acudir, e máis no



día que se expón o Plan da Emigración que é o principal motivo polo que se encontra presente para coñecelo de primeira man.

O Presidente da Comisión Delegada introduce o quinto punto da orde do día:

**5.- Quinto punto da orde do día. Plan Integral de emigración 2014-2016. Presentación do Plan. Informe sobre as accións en materia de xuventude e muller.**

Toma a palabra D. Ildfonso de la Campa que fai unha exposición do Plan Galego da Emigración 2014-2016. Esta exposición figura como Anexo IV á presente acta.

Rematada a presentación, D. Miguel Palomo e D<sup>a</sup>. Beatriz Carballo salientan a labor da Secretaría Xeral da Emigración na elaboración deste plan integral e fan un recoñecemento ao gran traballo que require a elaboración dun plan tan extenso e complexo.

Auséntase da sesión o secretario xeral de Cultura logo de despedirse dos presentes.

Procédese á constitución dos Observatorios de Xuventude e Galeguidade e da Muller e Galeguidade, con un representante da Comisión por cada área xeográfica, quedando constituídos do seguinte xeito:

a) Observatorio da Xuventude e Galeguidade:

- Ernesto Lagarón.
- Miguel Palomo.
- Jorge Cantalapiedra.

b) Observatorio da Muller e Galeguidade:

- Beatriz Carballo.
- Pilar Rodríguez.
- Alejandra Plaza.

A continuación ábrese unha rolda de intervencións sobre este punto da orde do día.

D<sup>a</sup>. Marta Donsión manifesta que lle gusta o Plan tal e como está, pero indica que se vai abster de facer outra valoración máis concreta en tanto non o lea con detalle.

D<sup>a</sup>. Beatriz Carballo expresa o mesmo que D<sup>a</sup>. Marta Donsión e agradece que, a pesar dos malos tempos, Galicia nunca se esquecese dos seus emigrantes.

D. Enrique Repiso expresa o mesmo que as dúas intervintes anteriores e sinala dous aspectos con miras ao futuro:



Comisión Delegada  
do Consello de  
Comunidades Galegas

1. No caso de Cuba, nos programas dirixidos á xuventude debería buscarse que, ante a necesidade de permanencia, vaian máis aló do 2º grao de parentesco, facilitándolle a incorporación ao mundo da galeguedade. Por exemplo, no caso do Conecta con Galicia non se chegan a cubrir as prazas convocadas para este país.
2. Quérese crear unha Biblioteca de Cuba e un Centro de Información Xuvenil. Solicita que se envíen os soportes dixitais que se fixeron polo Consello da Cultura Galega de documentación nas Comunidades Galegas, algo que manifesta saber que se fixo pero que nunca se chegou a enviar.

D. Ildefonso de la Campa contesta que no Convenio co Consello da Cultura Galega recóllese a posta en valor deses arquivos e a posta en uso dos correspondentes a cada entidade. Di que se enviarán e que hai intención de facelo en breve, pero que aínda non pode concretar detalles ata que non se asine o correspondente convenio.

D. Jorge Cantalapiedra pregunta pola contía que se vai aplicar a recuperación do patrimonio das Entidades Galegas, xa que estas non o poden facer soas polo seu elevado custe. Indica que quería dirixirse ao secretario xeral de Cultura, pero lamentablemente xa non está presente, cousa que entende polo apertado da súa axenda.

O secretario xeral da Emigración di que hai unha liña específica aberta a través da Orde de Convocatoria de Axudas ás Comunidades Galegas no Exterior da Secretaría Xeral da Emigración, formulando a correspondente solicitude.

D. Ildefonso de la Campa manifesta que hai un proxecto co Consello da Cultura Galega para facer o Plan Galego do Patrimonio Cultural. Consistirá en facer un estudo de catalogación, logo un estudo de necesidades e a forma de presentalos para a súa posta en uso e disfrute dos galegos e galegas, mesmo incluíndo a recuperación do testemuño oral.

D. Jorge Cantalapiedra pregunta pola situación na que van quedar a Asociación 1ª de Socorros Mútuos e a Casa de Galicia de Montevideo a hora da cobertura sanitaria, e se están en vigor os convenios sanitarios con estas entidades.

D. Ildefonso de la Campa resposta que están totalmente en vigor e que por iso, en base a eles, veñen con cobertura sanitaria as persoas beneficiarias dos programas de viaxes que cada ano se convocan a través da Secretaría Xeral da Emigración.

D. Jorge Cantalapiedra solicita o mesmo que D. E. Enrique Repiso á hora de abrir os programas ás terceiras xeracións, xa que en Uruguai teñen dificultades á hora de cubrir todas as prazas convocadas pola Secretaría Xeral da Emigración.



D<sup>a</sup>. María de los Ángeles Rodríguez únese as intervencións anteriores para recoñecer o traballo realizado na elaboración do Plan Integral da Emigración 2014-2016.

Salienta a importancia que vai a dar a participación da xuventude e das mulleres a través dos observatorios creados na apertura da labor dos centros e na galeguidade en xeral. Así mesmo, ofrécese para dar opinións e trasladar as experiencias nestas áreas do traballo realizado na súa institución. Manifesta a importancia de que se adopten posturas comúns a pesar das diferenzas entre países ou Comunidades Galegas.

D. Cándido Lois reclama que, aos maiores que viaxan a Galicia a través dos programas convocados pola Secretaría Xeral da Emigración, se lles poñan uns límites de ingresos e que se reduza o tempo establecido de cinco anos para poder ser beneficiarios de novo destes programas.

O secretario xeral da Emigración aclara que o límite de ingresos xa está recollido en cada unha das convocatorias e que o límite de tempo establecido asegura que veña xente que nunca viaxou a Galicia.

D. Ernesto Lagarón pregunta se está previsto retomar o programa de “Ven a Galicia Ben en Galicia”.

O secretario xeral da Emigración indica que de momento non, que hoxe en día é relativamente fácil poder moverse dentro de España e Europa e que cada vez é máis complicado e custoso poder vir dende países americanos. Aínda que si se detectase esta necesidade de tipo social, estudaríase a posibilidade de retomalo.

Toma a palabra D<sup>a</sup>. Pilar Rodríguez e di que o fundamental dos plans non é a súa redacción senón que é o seu desenvolvemento.

Manifesta que o problema da integración da muller na súa Área Xeográfica non existe e que a integración da xuventude é algo mais complicado. Por iso lle interesaba máis estar no Observatorio de Xuventude e Galeguidade que no de Muller.

A este respecto o secretario xeral da Emigración, dille que pode aportar moito nos dous observatorios polo feito de ser presidenta dun centro galego e muller.

No ámbito de xuventude D<sup>a</sup> Pilar di que detecta un problema nas xuntas directivas dos centros xa que estas ven aos xoves como executores e non como directivos. Tamén pregunta polo Programa de Xestión para as Entidades Galegas xa solicitado noutras comisións delegadas.





O secretario xeral da Emigración salienta que hai unha empresa galega coa que se contactou para ver a posibilidade de implantar un programa de xestión na Hermandad Galega de Caracas. E que, de levarse a cabo e unha vez posto en marcha, sería un excelente proxecto piloto para trasladalo ao resto de entidades.

D. Ildfonso de la Campa manifesta que facer un programa de xestión no ámbito que se pretende é moi complicado e moito máis se o hai que adaptar a cada entidade, así o transmitiron as empresas coas que se mantivo contactos.

D. Raimundo Otero declara que vai estudar coas entidades da súa área o Plan presentado para poder trasladar logo os acordos. Di que ve dificultades á incorporación das mulleres as actividades, xa que moitas destas non son galegas, senón esposas de galegos.

O secretario xeral da Emigración apunta que o feito de non ser galegos nados non interfere na súa participación, senón que o importante é que esta sexa real, e di que, o Plan non impide que mulleres e homes, naceran onde nacesen, participen na vida das entidades.

D. Ignacio Paz di que o Plan exposto é moi amplo e recolle algunhas contribucións dos Plans anteriores.

En primeiro lugar reflexiona dicindo que o mais preocupante é que haxa case 8.000 galegos que necesiten axuda individual para sobrevivir. Plantea un estudo de como se pode atallar esta situación a pesar de entender as diferenzas e circunstancias das distintas áreas e países.

En segundo lugar salienta o actual papel das Comunidades Galegas e di que xa non son o que eran. Houbo cambios no tempo, nas formas e nos costumes. Segue habendo o fondo de favorecer a cultura e o amor a Galicia pero, a realidade é distinta, e obriga a unha evolución e a un cambio.

A xuventude e a xente, en xeral, non está pola labor de asociarse. A inmensa maioría das institucións perden socios, principalmente, por razóns de idade. Non hai a necesidade que había antes de pertencer a estas entidades.

Os xoves son quen máis perciben esta realidade e non están pola labor de implicarse nos temas dos centros. Di que en Salamanca hai preto de 3.000 estudantes universitarios galegos hoxe en día, antes eran moitísimo menos, e na súa orixe fundaron o centro do que el é presidente. Agora non queren nin participar nin pertencer. Aínda que nos Estatutos da entidade está establecido que dous membros da Xunta Directiva sexan estudantes galegos, a situación é tal que este



punto dos estatutos non se cumpre nunca, porque os socios estudantes galegos do centro non queren ser membros da directiva.

Tamén manifesta que no seu centro non hai problemas coa participación das mulleres, aínda que denota que non teñen interese en estar na directiva.

En terceiro lugar manifesta a posibilidade de crear un observatorio dirixido a estudar como vai ser o futuro dos centros galegos.

En cuarto lugar expresa a súa inquedanza pola falta nos centros de quen manexe as novas tecnoloxías, debido a avanzada idade de case todos os socios que os compoñen. Di que teñen a tecnoloxía pero non hai quen a manexe, polo que sería bo estudar a maneira de implicar á xuventude neste ámbito.

En quinto lugar, na Área de Cultura, pide que se lle traslade á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia a posibilidade de fomentar a realización dos cursos de galego e que ve máis procedente os cursos de iniciación e perfeccionamento que se desenvolvían anteriormente e non os do Celga actuais.

En sexto lugar agradece o traballo realizado na elaboración do Plan Integral da Emigración 2014-2016 que hoxe se presenta.

D<sup>a</sup>. Alejandra Plaza di que quere facer unha pequena crítica construtiva á Secretaría Xeral de Cultura sobre o asunto dos lectores de galego presentes nas Universidades en Europa. Di que en anos anteriores fixeron actividades con eles, como a xuntanza que se realizou en Frankfurt fai dous anos, a raíz da que saíron acordos para realizar cursos conxuntamente, pero que na actualidade non se pode facer traballo con eles, aínda si co Instituto Cervantes.

Di que nota en falta a existencia dun canal de información para que a xente que actualmente emigra se poida integrar nos países de destino. Manifesta que sen idioma non hai integración. Indica a posibilidade de que este tema teña cabida dentro da Oficina de Información que pretende crear a Secretaría Xeral da Emigración.

O secretario xeral da Emigración manifesta que a Oficina vai ter unha vocación de atención individual aos emigrantes e inmigrantes. Que non é posible que esta oficina actúe no exterior, pero estase intentando por en marcha un programa a nivel europeo para establecer actividades de voluntariado nos centros para que axuden a dar soporte e información dentro deles e así poder orientar aos emigrantes actuais. Todo isto farase en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.



O secretario xeral da Emigración salienta que sobre as necesidades de aprendizaxe de idiomas, ve moi interesante o traballo dos centros de cada área, e que, por exemplo, en Suíza hai algún centro que xa imparte cursos de alemán aos novos emigrantes.

Toma a palabra D. Miguel Palomo expresando que en Bruxelas o nivel económico en xeral e bastante elevado e está relativamente cerca de Galicia. Di que cando empezou a vida do centro galego de Bruxelas eran mais ou menos 65 galegos, por iso había mais solidariedade entre eles.

Di non ter problemas coa xuventude e que na actualidade teñen grupos de estudantes galegos en prácticas que colaboran con eles.

Propón que se cree unha actividade conxunta cos centros próximos a Bruxelas (Londres, Alemaña, Portugal...) para promover máis o Camiño de Santiago, porque é de todos e é necesario promocionalo, consistiría nunha xuntanza tipo procesión na que participase xente de todos os centros próximos.

D. Álvaro Moreira destaca a importante labor levada a cabo pola Secretaría Xeral da Emigración na elaboración do Plan que hoxe se presentou na reunión da Comisión Delegada.

Salienta o gran descenso que se produce no número de asociados no seu centro, ao igual que o exposto por D. Ignacio. Tamén di que aínda que a xente colabora con actividades, á hora de asociarse e abonar a cota de socio, poucos son os que dan ese paso.

Sobre o Centro de Estudos Galegos do seu centro di que teñen desenvolto moitas actividades, cree que é moi importante reactivar os cursos de galego xa que hai moito interese en Lisboa por coñecelo, aínda que non deberían ser gratuítos porque ao facelos debe haber compromiso.

Ofrécese a colaborar con todos os centros das diferentes áreas xeográficas nos distintos Observatorios creados no día de hoxe.

D. Nicolás Miño manifesta o seu recoñecemento pola gran labor que requiriu a elaboración do Plan que hoxe se presentou. Sinala que non está totalmente de acordo co seu contido, pero prefire esperar a unha lectura máis detallada para entrar en valoracións máis profundas. Manifesta que en Londres hai unha gran chegada de novos emigrantes que buscan no seu centro información ou axuda para atopar traballo. Salienta que esta nova emigración axudou a revitalizar o Centro Galego de Londres.

Sobre o programa de intercambio voluntario di que, na súa opinión, xente de aquí non debería ir, xa que nos países de destino hai xente preparada para poder facer mellor o traballo.



Sendo as 13:30 h, incorpórase a reunión D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

O Presidente dálle a benvida, agradece a súa presenza neste marco tan simbólico e subliña a permanente atención e participación do Goberno Galego nas reunións do Consello de Comunidades Galegas.

D. Alfonso Rueda saúda ao presentes e manifesta que é a terceira ocasión nun ano na que esta presente nunha xuntanza desta Comisión Delegada. Di estar impresionado polo marco elixido para a súa participación.

Posteriormente agradece as mostras de solidariedade manifestada polas distintas Comunidades Galegas do Exterior a propósito do accidente de Angrois acaecido no ano 2013. Así mesmo resalta a importancia da permanencia de Galicia no exterior así como a necesidade de cooperar e de traballar en común.

Tamén manifesta a necesidade da renovación das persoas que están á fronte das Comunidades Galegas, e di que, aínda que recoñecendo o extraordinario traballo dos anteriores, necesítase a incorporación de xente nova as xuntas directivas dos centros.

Sobre o a realidade actual de Galicia di que empeza a haber razóns para ser máis optimistas no futuro inmediato.

Tras escusar a presenza do Presidente da Xunta de Galicia, despídese dos presentes e solicita ao presidente da Comisión Delegada que se prosiga coa sesión de traballo.

O presidente da Comisión Delegada toma a palabra e introduce o sexto e último punto da orde do día.

#### **6.- Sexto punto da orde do día. Rogos e preguntas.**

D<sup>a</sup>. Marta Donsión pregunta pola posibilidade de tramitar en cada centro a tarxeta sanitaria.

O subdirector xeral da Emigración e das Comunidades Galegas di que se podería estudar, así como a posibilidade de facelo en cada unha das dúas delegacións que ten a Xunta de Galicia no exterior.

D<sup>a</sup>. Beatriz Carballo indica que se houberse fusión de centros en Bos Aires, para o goberno arxentino, converteríanse nunha entidade de 2º grao.



Comisión Delegada  
do Consello de  
Comunidades Galegas

D. Enrique Repiso solicita que o próximo Pleno do Consello de Comunidades Galegas que se debe celebrar en 2015, se organice en Cuba, atendendo a coincidencia coa conmemoración do centenario da inauguración do Palacio do Centro Galego da Habana, fito histórico e simbólico da emigración galega. Algúns dos presentes maniféstanse a favor desta posibilidade.

O secretario xeral da Emigración di que se estudará esta posibilidade, atendendo as moitas circunstancias que o desenvolvemento dun Consello conleva.

D. Jorge Cantalapiedra manifesta que para a colectividade de Uruguai é fundamental a colaboración co Hogar Español de Ancianos por riba de calquera outra actividade. Nese sentido agradece o apoio da Xunta de Galicia a este Centro. Tamén pide que se siga a traballar pola modificación do voto rogado.

D. Ignacio Paz indica que a estas alturas do ano aínda no se coñece a resolución dos plans de axudas as Comunidades Galegas convocados.

O secretario xeral da Emigración responde que aínda está aberto o prazo de requirimento de documentación neste momento e que preténdese resolver canto antes para poder comezar a aboar o importes das axudas concedidos. Aproveita para solicitar a colaboración das propias entidades na tramitación e cumprimento dos prazos establecidos nas convocatorias.

D. Ignacio indica que na Comisión Delegada celebrada en Lisboa, tomouse o acordo de facer un recoñecemento a D. Ramiro Vieito polo seu labor, e que, a día de hoxe, aínda non se levou a cabo.

O secretario xeral da Emigración responde que descoñece ese feito toda vez que, dese período, non hai actas no arquivo da Secretaría Xeral da Emigración de ningunha das comisións delegadas celebradas.

D. Ignacio ofrécese a conseguilas el mesmo, manifestando ter copias no seu poder.

O secretario xeral da Emigración indica que sería bo telas para arquivalas e para ter un respaldo para poder actuar neste tema que propón.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 15:10 horas, o presidente da por concluída a sesión da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, despide aos asistentes dándolles as grazas polo traballo realizado e desexándolles un feliz retorno a seus lugares de residencia.

O Presidente

O Secretario



Comisión Delegada  
do Consello de  
Comunidades Galegas

Antonio Rodríguez Miranda

Ramón Brigos Fernández